

Concurso multimedia

“Visións dende o confinamento”

BASES

A presentación dun traballo ao concurso implica necesariamente a aceptación previa, íntegra e incondicional das seguintes BASES por parte dos/as participantes.

PRIMEIRA. Participantes

Poderán participar todos os veciños e veciñas. Establécense tres modalidades coas seguintes categorías:

Debuxo

- Infantil: ata 12 anos
- Xuvenil: 12+ anos

Fotografía

- Xuvenil: ata 16 anos
- Mozos/Adultos: 16+ anos

Vídeo

- Familiar/colectivo (máximo 5 persoas)

SEGUNDA. Modalidade do concurso

Nos **debuxos** a técnica a empregar é libre e poderase utilizar calquera método ou ferramenta manual ou dixital para a súa elaboración. As **fotografías** tamén poderán ser tratadas dixitalmente. Cada traballo deberá estar acompañado dun título identificativo, alusivo á idea ou mensaxe que se pretende transmitir.

Os **vídeos** deberán ter unha duración máxima de **2 minutos e 20 segundos** e poden estar elaborados e montados con aplicacións de edición.

As obras serán orixinais e a temática deberá estar relacionada coa pandemia, a corentena, as súas causas, alcance e consecuencias, os colectivos que están a loitar en primeira liña contra a COVID-19 ou, en xeral, a visión da situación actual dende o confinamento.

Poderase concursar nunha ou varias das modalidades existentes, mais só se admitirá un traballo por modalidade por cada participante.

TERCEIRA. Presentación dos traballos e prazo

Os **debuxos e fotografías** (orixinais ou escaneados, segundo o caso) deberán ser enviados por correo electrónico ao mail da Concellaría de Cultura: cultura@xinzo.gal, en calquera dos seguintes formatos: **.jpeg, .png ou .pdf**. acompañados do seu título e dos datos do autor ou autora: **Nome e apelidos, idade, teléfono e mail de contacto**.

Os **vídeos** deberán estar colgados e accesíbeis en **redes sociais** (Facebook, Twitter, Instagram, etc.) ou **servizos de streaming** (YouTube, Vimeo, etc.), neste caso enviarase ao mail da Concellaría de Cultura unha ligazón co enderezo URL no que pode ser visualizado.

Incluiranse os datos do/a representante da unidade familiar ou colectivo autor do mesmo: **Nome e apelidos, teléfono e mail de contacto.**

O prazo de presentación rematará o **15 de maio de 2020 ás 24:00h**, quedando excluídos os traballos recibidos fóra de dita data. Non se admitirán obras en formato físico.

CUARTA. Xurado do concurso

O xurado do concurso estará composto por non menos de 3 persoeiros relacionados co mundo da imaxe, da creación, ou do deseño gráfico en xeral, e as súas decisións serán inapelábeis. Todos os membros terán voz e voto.

Como secretario, sen voto, actuará o Concelleiro de Cultura que levantará acta da decisión do xurado.

O sobre cos datos dos/as autores/as abrirase unha vez adxudicados os/as gañadores/as.

As decisións adoptaranse por maioría simple e o fallo definitivo será inapelábel sometido ás presentes bases. A resolución farase pública na web do Concello (www.xinzodelimia.gal) e directamente aos premiados.

Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta polos propios membros do xurado.

QUINTA. Premios

Debuxo e Fotografía

Establécense dous premios por cada unha das categorías, que consistirán en:

- Primeiro premio: Lote de libros, diploma e vale de compra de 50 euros nos comercios de Xinzo.
- Segundo premio: Lote de libros e diploma.

Vídeo

Establécense dous premios que consistirán en:

- Primeiro premio: Lote de libros, diploma e xantar nun restaurante de Xinzo para os membros da unidade familiar ou colectivo gañador. Restaurante elixido ao chou.
- Segundo premio: Lote de libros e diploma.

Cando superemos as actuais circunstancias realizarase un acto onde se fará entrega dos premios. Comunicarase a data do acto con suficiente antelación. É requisito indispensable recoller persoalmente o premio.

SEXTA. Publicación dos traballos, difusión e publicidade

Publicaranse na web todos os traballos, destacando especialmente os premiados, así como os nomes dos/as autores/as e realizarase unha exposición dos mesmos na Casa da Cultura nunha data futura por determinar.

Os/as autores/as, mediante a aceptación destas bases e participación no concurso, dan o seu consentimento para a publicación das súas obras e ceden todos os dereitos de reprodución por calquera sistema, distribución en calquera formato e comunicación pública a través de sistemas telemáticos e dixitais.